

INFORME PROPOSTA DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO DO CONCELLO

**ASUNTO: PROCEDIMENTO DE LICITACIÓN PARA A
AUTORIZACIÓN DE INSTALACIÓN DUNHA PISTA DE XEO.**

ANTECEDENTES

I. Bases técnicas e administrativas que rexerán no procedemento de licitación convocado para a autorización de instalación de dunha pista de xeo elaboradas pola Concellería de Xuventude do Concello de Lugo.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. O Concello de Lugo, desexa autorizar a instalación dunha pista de xeo en terrenos de dominio público habilitados para elo polo propio Concello durante o 3 de decembro ao 6 de febreiro de 2011 con posibilidade de prórroga. Ó tratarse dun uso común especial pola intensidade deste que se realiza, e tal e como establece o RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL), estará suxeito a licenza. O artigo 77.2 do mesmo regulamento establece que estas licenzas se outorgarán directamente, salvo se por calquera circunstancia se limitare o uso das mesmas, en cuio caso o serán por licitación e , se non fose posible, porque tódolos aautorizados reuniran as mesmas condicións, mediante sorteo. No suposto de referencia, o Concello desexa autorizar unha única pista, no lugar delimitado para elo e que figura no plano anexo ás bases, razón pola que se propón a aprobación dunhas bases que rexerán no procedemento de licitación que se levará a cabo. Cómpre poñer de manifesto que as bases foron consensuadas cos servizos municipais de enxeñería e electromecánico e que por parte deste servizo de contratación introducíronse determinadas modificacións en orde a adaptalas á vixente lexislación de contratos do sector público.

Segunda. En canto ó órgano competente para a aprobación do procedemento de referencia existe acordo 15/665 da Xunta de Goberno Local de data 27 de outubro de 2010 polo que se delega á Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía e emprego a competencia para aprobar tódolos actos de támtie e resolutivos.

Por todo o anteriormente, e no uso das atribución conferidas á Tenenta de Alcalde Delegada da área de economía e emprego en virtude do acordo 15/665 da Xunta de Goberno Local propónse a adopción da seguinte RESOLUCIÓN:

PRIMEIRO. Aprobar as bases técnicas e administrativas que rexerán no procedemento de licitación para a autorización da instalación dunha pista de xeo do seguinte teor literal:

**BASES TÉCNICAS E ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN NO
PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA A AUTORIZACIÓN DE
INSTALACIÓN DUNHA PISTA DE XEO**

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto das presentes bases é o outorgamento de autorización para a instalación unha pista de xeo non sintético, que levarán aparelhada a autorización para esta instalación no lugar habilitado para elo polo Concello na praza Horta do Seminario (ver plano anexo)

SEGUNDA.- MODALIDADE, CANON E SITUACIÓN.

1. A licencia outorgaranse despois da licitación, que será convocada polo órgano competente do Concello.
2. Os titulares das autorizacións para a ocupación do terreo público estarán obrigados a satisfacer a **taxa** prevista na Ordenanza fiscal 152 “taxa por aproveitamento da vía pública” coas condicións establecidas na mesma que serán de 0,85€ m²/día. Por outra parte, establécese como un criterio de adxudicación a posibilidade de que os licitadores oferten un **canon diario** como contraprestación ó beneficio obtido pola explotación comercial da pista de xeo.
- 3.- A localización da pista de xeo e a súa distribución queda determinada no plano anexo a estas bases non podendo ocupar entre a instalación e os anexos á mesma máis de 15x18 metros cun mínimo de 200 m² de pista de xeo tendo en conta para calcular as medidas a potencia eléctrica máxima deste espazo que será de 150 kw.

TERCEIRA.- DURACION DA OCUPACIÓN.

- 1.- A pista de xeo poderá iniciar o montaxe e o seu funcionamento como moi cedo o día 3 de decembro e manteranse en funcionamento ata o día 6 de febreiro

pola noite cando procederán ó desmontaxe que deberá rematar como moi tarde o 11 de febreiro. Non obstante o concello poderá autorizar unha prórroga ata como máximo o día 13 de marzo e a continuación procederase á desmontaxe nun prazo máximo de catro días.

2.- En caso de que a empresa adxudicada non se presentara no momento determinado polo Concello para a delimitación do espazo, perderá automaticamente os dereitos á ocupación dos terreos adxudicados, así como á devolución das cantidades satisfeitas na adxudicación e sen ningún tipo de indemnización.

3.- O adxudicatario non poderá proceder ó montaxe ata que o representante do Concello non lle sinale a localización e os límites da parcela.

CUARTA. DOCUMENTACION ADMINISTRATIVA A PRESENTAR POLOS INTERESADOS EN PARTICIPAR NO CONCURSO

Os licitadores deberán presentar **no prazo de 10 días naturais dende a publicación no Boletín Oficial da Provincia destas bases**, a seguinte documentación:

SOBRE A: DOCUMENTACIÓN

- DNI do licitador, no caso de tratarse dun empresario individual ou a escritura de constitución si se trata dunha persoa xurídica, debidamente inscrita no correspondente rexistro.
- Poder bastanteado: os que comparezan ou firmen proposicións representando a outra persoa ou entidade presentarán poder debidamente bastanteado pola Asesoría Xurídica Municipal ou funcionarios do Servizo de Contratación do Excmo. Concello habilitados ao efecto. Para elo, presentarase orixinal e fotocopia nas oficinas de Contratación del Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ao remate do prazo de presentación da documentación, de 9,30 a 14,00 horas, de luns a venres. Si a empresa fose persoa xurídica, o poder deberá estar inscrito no Rexistro Mercantil
- Presentación da alta e, no seu caso, do ultimo recibo do imposto sobre actividades económicas (IAE).

- Certificados acreditativos do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.
- Relación de traballadores ou previsión dos necesarios para o funcionamento da pista.
- Bosquexo acoutado da instalación onde se concreten as dimensións e o espazo a ocupar e declaración estimando economicamente o consumo máximo de electricidade e auga que se vai producir, así como declaración das necesidades da potencia eléctrica.
- Horario de apertura das instalacións.
- Seguro de responsabilidade civil en vigor cunha cobertura mínima de 300.000€. A seguridade da pista de xeo e da súa instalación será responsabilidade dos propietarios destes, os cales dispoñerán dos certificados técnicos que o avalen.
- Seguro de accidentes coas seguintes coberturas mínimas:
 - Fallecemento por accidente:.....15.000 €
 - Invalidez permanente por accidente..... 15.000 €
 - Asistencia Sanitaria..... Ilimitada (En Centros da Seguridade Social e Concertados e 3.000 € en centros non concertados).

SOBRE B: CRITERIOS NON AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE.

O sobre B deberá conter a relación de documentos relativos ao criterio 4 da cláusula sexta das bases técnicas (4. Actividades complementarias).

SOBRE C: CRITERIOS AVALIABLES AUTOMÁTICAMENTE

1.- Os interesados deberán presentar, debidamente cumprimentados o seguinte modelo:

D....., con domicilio en.....DNI....., en plena posesión da súa capacidade xurídica de obrar, en nome propio (ou en representación de....., con DNI ou CIF) fai constar:

- a) Que solicita tomar parte na licitación convocada polo Excmo. Concello de Lugo para a AUTORIZACION DE INSTALACION DUNHA PISTA DE XEO DURANTE A TEMPADA DE INVERNO”.
- b) Que opta á adxudicación da licenza municipal para a instalación da pista de xeo e oferta un **canon diario** ó Concello de euros e un número de **entradas gratuítas** para Concellería de Xuventude.
- c) Oferta os seguintes **prezos para as entradas**:
- ½ hora sen patíns: euros.
 - 1 hora sen patíns: euros.
 - Día completo sen patíns: euros.
 - ½ hora con patíns: euros.
 - 1 hora con patíns: euros.
 - Día completo con patíns: euros.
- d) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven das presentes bases e de as bases técnicas, como licitador e como adxudicatario, no seu caso.
- e) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.
- f) Lugo, data e sinatura.

A Mesa de adxudicación quedara constituída por as seguintes persoas:

- A Concelleira Delegada da Área de Economía e Emprego.
- A Concelleira de Xuventude.
- Un/ha Concelleiro/a de cada partido político con representación municipal.
- A Titular da Asesoría Xurídica Municipal ou funcionario/a que a substitúa.
- O Interventor Xeral ou funcionario/a que o substitúa.
- O Xefe do Servizo de Contratación ou funcionario/a que o substitúa, que actuará como secretario.

QUINTA.- PERIODO DE VIXENCIA DA AUTORIZACIÓN E PAGO DAS TAXAS E DO CANON

1.- A licenza terá vixencia dende como moi cedo dende o día 3 de decembro ata o 6 de febreiro de 2011 sen prexuízo da posible prórroga e todo elo previo pago das taxas municipais e o canon correspondentes.

2.- Os importes da taxa de ocupación e do canon ingresarase seguindo as indicacións do Servizo de Tesourería do Concello de Lugo, nos dez días hábiles seguintes á notificación da adxudicación. O canon será o resultante de aplicar ó canon diario ofertado o número de días de funcionamento da pista do mes correspondente excluídos os días de montaxe e desmontaxe que se indiquen por parte da empresa como necesarios.

3.- De non aboarse as taxas ou o canon nos prazos establecidos quedará extinguida a licenza e o Concello así o comunicará á persoa titular da mesma e entenderá que a parcela queda a libre disposición do Concello que poderá adxudicala a outra persoa a través do procedemento regulamentario.

SEXTA: CRITERIOS DE ADXUDICACION:

1.- Oferta económica (ata 25 puntos)

Obterán a máxima puntuación neste apartado (25 puntos) o licitador que oferte o canon diario máis elevado. Obterán 0 puntos aqueles licitadores que non oferten canon diario a aboar ó Concello e o resto das ofertas valoraranse de forma proporcional.

2. Baixa no prezo das entradas para o público (ata 15 puntos).

O licitador que oferte unha maior baixa no prezo das entradas obterá a máxima puntuación. Obterá 0 puntos os que non oferten baixa nese prezo e os restantes valoraranse proporcionalmente, tendo en conta as seguintes puntuacións parciais:

- ½ hora sen patíns (2,5 puntos)
- 1 hora sen patíns (2,5 puntos)
- Día completo sen patíns (2,5 puntos)
- ½ hora con patíns (2,5 puntos)
- 1 hora con patíns (2,5 puntos)

- Día completo con patíns (2,5 puntos)

3. Número de invitacións entregadas ao Concello a maiores das esixidas nestas bases (ata 5 puntos).

Obterá a máxima puntuación o licitador que aporte o maior número de invitacións gratuitas para entregar ao Concello. Obterán 0 puntos os que non aporten invitacións gratuítas ao Concello, a maiores das esixidas neste prego, e as restantes valoraranse de xeito proporcional.

4.- Actividades complementarias (ata 5 puntos)

Obterán a máxima puntuación neste apartado (5 puntos) os licitadores que presenten as actividades socioculturais complementarias non sobrepassando o horario de peche, consideradas máis apropiadas e cunha valoración económica maior que poderán aportar sen prexuício da valoración realizada polo Concello.

No caso de producirse empate no cómputo das puntuacións primará a oferta económica.

SETIMA: PROCEDEMENTO.

O acto público de apertura dos sobres B celebrárase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

Posteriormente, e tras a valoración da documentación contida no sobre B, convocarase ós licitadores a un acto público de lectura do informe de valoración e apertura da documentación incluída nos sobre C, tralo cal se producirá a valoración final e realización da proposta de adxudicación por parte da mesa de contratación.

Tendo en conta a documentación presentada polos interesados e en particular o bosquejo da instalación a que se refire a cláusula cuarta, de entender – a xuízo dos técnicos municipais – que o custo de electricidade e

auga a sufragar polo Concello é excesivo ou non asumible poderá renunciar a este procedemento sen ningún tipo de indemnización.

OITAVA: DEREITOS E OBRIGAS.

Dereitos.

- Os adxudicatarios terán dereito ó exercicio da actividade, de acordo co establecido no presente prego.
- O suministro de electricidade e auga correrá por conta do Concello, **ata o límite establecido pola empresa adxudicataria no bosquejo que presente coa solicitude.**

Obrigas.

- O adxudicatario deberán instalar a **pista de xeo non sintético** na parcela adxudicada, quedando prohibido calquer traspaso ou cesión do dereito.
- Os adxudicatarios instalarán unha carpa coa capacidade suficiente para albergar a pista de xeo e as instalacións anexas a mesma. A estrutura na que se aloxen as instalacións deberá ser autoportante apoiada sobre o pavimento quedando totalmente prohibidos os anclaxes ó mesmo. Previamente á montaxe das instalacións o responsable da empresa debnerà poñerse en contacto co Servizo municipal de enxeñería co fin de supervisar a tipoloxía da estrutura e condicións de montaxe.
- A montaxe das instalacións deberá realizarse coa mínima incidencia sobre o tráfico, tratando de evitar na medida do posible cortes totais do tráfico e buscando os días e horarios de menor inetsnidade do tráfico para o cal deberá procurar a coordinación co Gabinete de Tráfico do Concello.
- Para a subministración de auga a empersa deberá poñerse en contacto co responsable da Brigada de Augas coa finalidade de fixar o punto e condicións da subministración de auga.
- O servizo prestarase coa continuidade convida, adaptándose en todo caso o seu horario e días de apertura ó establecido para o funcionamento.
- O adxudicatario cumprirá en todo momento as instrucións de orde xeral que lle sexan formuladas pola Administración.

- O adxudicatario están obrigados ó cumprimento das disposicións vixentes en materia de protección da industria, en materia laboral, da seguridade social e hixiene no traballo. Concretamente o adxudicatario terá que contar coa preceptiva legalización da instalación cal será emitida pola Consellería de Industria.
- O adxudicatario presentarán ante a Concellería de Xuventude, para o seu selado, a lista de prezos que terá vixencia durante o período de adxudicación e que deberá estar exposta nun lugar visible ó longo da mesma. As entradas non poderán superar os seguintes prezos:

- ½ hora sen patíns- 3 €
- 1 hora sen patíns- 6€
- Día completo sen patíns- 8 €
- ½ hora con patíns- 4 €
- 1 hora con patíns- 7€
- Día completo con patíns- 9 €

- O adxudicatario deberán comprometerse a que, unha vez rematada a vixencia da autorización e desmontado da pista de xeo, a parcela deberá estar nas mesmas condicións que ó inicio da actividade.
- O adxudicatario proporcionará á Concellería de Xuventude, ó inicio da actividade, 1.000 invitacións con patíns gratuítas de mínimo unha hora de duración.
- O adxudicatario, así como todo o persoal que preste os seus servizos nelas, deberán cumprir escrupulosamente coa normativa vixente.
- O adxudicatario observarán cos usuarios do servizo a oportuna afabilidade e deferencia, dentro dun trato cordial e de respecto.
- O horario de apertura das instalacións será:

Un mínimo de 4 horas en horario de tarde de luns a xoves, non podendo pechar máis tarde das 21.30 horas.

Un mínimo de 6 horas en venres, fin de semana, vísperas e días festivos, non podendo pechar máis tarde das 22.00 horas.

O incumprimento destas obrigas por parte do adxudicatario ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado polo adxudicatario non implicará responsabilidade ningunha para a administración contratante.

O Excmo. Concello de Lugo resérvase o dereito de inspección permanente sobre o cumprimento, por parte do adxudicatario, das obrigas anteriormente sinaladas, tendo ademais este o deber de facilitarlle ó Concello canta información ou documentación lle solicitase calquera dos seus departamentos.

NOVENA: PROHIBICIÓNS

Ó montar e desmontar a instalación e durante todo o período de vixencia da licenza queda totalmente prohibido:

- Invadir, pisar e/ou amontoar materiais nas zonas verdes, o mesmo que ancorar nelas elementos de sustentación ou de apoio das instalacións ou dos seus accesorios.
- Acumular desperdicios no exterior da instalación.
- Estragar, arrincar ou pisar as especies vexetais existentes, así como despuntar, cortar ou desgarrar pólas de árbores e arbustos existentes.
- Cravar elementos punzantes no pavimento, así como colocar carteis, tomas de auga, instalar abrazadeiras ou calquera outro elemento de sustentación ou apoio sobre o arborado existente.
- Todos os equipamentos de xardín (puntos de luz, bancos, papeleiras, fontes, bordes perimetrais etc.) manteranse perfectamente conservados.
- Iniciar a montaxe da actividade antes do planeamento e a autorización polos técnicos municipais e a modificación do emprazamento da actividade unha vez verificado.
- O uso de megafonía.

O incumprimento dos puntos anteriores obrigará ao adxudicatario a compensar os danos e perdas ocasionados, de acordo coa valoración que efectúe

o Concello, e poderá ser penalizado coa perda de todos os dereitos de adxudicación, obrigando a levantar inmediatamente a instalación.

DECIMA: INFRACCIONS

As sancións e a compensación dos danos, no caso de non acatar as normas ditadas pola administración determinarase polo órgano competente e farase efectiva sobre a garantía e, en caso de insuficiencia desta, atenderase ao que dispón o artigo seguinte.

DECIMA PRIMEIRA: EXTINCIÓN DAS LICENZAS.

Declararase a extinción da adxudicación:

- De mutuo acordo co Concello, cando non se cause prexuízo ó propio Concello nin a outros adxudicatarios. Neste caso o adxudicatario considerase renunciante e perderá a fianza.
- Por resolución do Concello cando:
 - * Por falta de constitución da garantía
 - * Por falta de pago das taxas nos prazos establecidos.
 - * O adxudicatario non aboe os danos causados nin as sancións impostas.
 - * O adxudicatario se negue reiteradamente a cumprir as ordes da Administración cando comprometa a seguridade, hixiene ou sanidade dos usuarios.
 - * Exista incumprimento reiterado grave das obrigas de adxudicatario.

A extinción da licenza será efectuada polo órgano competente, despois do informe da administración, sen prexuízo do trámite de audiencia ó adxudicatario, por espazo dun día.

A extinción culpable da licenza dará lugar á incautación da fianza, á inhabilitación do industrial para ser adxudicatario en edicións posteriores e a orde de levantamento e desmontaxe da pista de xeo, todo isto sen prexuízo de esixirlle ó adxudicatario, ante as instancias xudiciais competentes, as responsabilidades que procedan.

SEGUNDA. Publicar un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo e no perfil do contratante do Concello de Lugo.

Lugo, 16 de novembro de 2010
O XEFE DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN,
PATRIMONIO E FOMENTO

Asdo: Manuel Louzao Aldariz

A CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA
DE ECONOMÍA E EMPREGO

Asdo: Sonia Méndez García